


O CARBONO


Ada Agrasar Valcárcel, 3ºB




O carbono é o decimoquinto elemento máis abundante na codia terrestre, o segundo no corpo humano, e o cuarto máis abundante no universo en masa, con permiso do hidróxeno, o helio e mais o oxíxeno.

É un non metal sólido, compoñente fundamental nos compostos orgánicos, capaz de formar diamante, grafito, carbono amorfo ou carbón, entre outros. O seu estado de oxidación máis común dentro dos compostos inorgánicos é + 4, mentres que + 2 está no monóxido de carbono e nos complexos carboniles de metais de transición.

É o elemento común a partir do que están compostas todas as formas de vida coñecidas. Se puideramos separar os elementos que compoñen as nosas moléculas, un 65% do noso peso serían átomos de oxíxeno, o segundo en importancia sería o **CARBONO** cun **18%**, e seguiríalle o hidróxeno cun 10%.




SIN PRESIÓN




CON PRESIÓN


En estado puro e dependendo de cómo estén dispostos os seus átomos, este elemento pode formar tanto o mineral máis duro que se atopa na natureza, o diamante, como un dos máis blandos, o grafito. Organizados en hexágonos e formando láminas, os átomos de carbono forman o grafeno, un material coñecido polas súas excelentes capacidades illantes e a súa aptitude para elaborarse recubrimientos de tuberías e carcacas metálicas a partir del. Outras formas nas que se pode atopar o carbon é o grafito, de cor negra, opaco e brando, o cal se usa para fabricar a parte interior dos lápices. Ten os mesmos átomos cá o diamante, pero con diferentes propiedades físicas e químicas, ao estar dispostas dun xeito distinto.



Un **fullereno** é unha molécula composta a partir do carbono capaz de adoptar formas semellantes a esferas, discos, óvalos ou esferoides. Os fullerenos teñen parecido có grafito na súa composición. Son moi resistentes, e deben o seu nome a **Buckminster Fuller**, un enxeñeiro e arquitecto americano que deseñou as cúpulas xeodéxicas que se asemellan na súa estrutura a estas moléculas de carbono.



Un **carbino** é unha especie de carbono monovalente radical que contén un átomo do mesmo elemento enlazado con tres electrones máis. É máis forte e ríxido ca calquera outro material coñecido.



A **pegada de carbono** é a totalidade de gases de efecto invernadoiro emitidos por efecto directo ou indirecto dunha determinada acción. Mídese en masa de CO₂ equivalente. O **musgo** é a planta coñecida que máis CO₂ é capaz de absorber. Almacena as partículas contaminantes transformándoas en nutrientes, preferentemente, CO₂, óxido de nitróxeno e pó.

En **Galicia**, temos as mellores condicións para o cultivo do musgo, como xa se ven facendo experimentalmente noutros países coma Alemania ou Xapón, podemos empregar paneis de musgo galego para “descarbonizar” áreas contaminadas.